

MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO RUPESTRE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2016 o Pleno municipal aprobou por unanimidade unha proposición presentada por este grupo para a o impulso do centro de interpretación de Villestro e a catalogación do patrimonio rupestre existente no Concello de Santiago. Daquela, propúñase a realización dun inventario detallado e o máis exhaustivo posible dos petróglifos existentes, a solicitude á Xunta de Galicia da declaración, catalogación e inclusión destas insculturadas no inventario de Bens de Interese Cultural (BIC) de Galicia e nas normas e disposicións autonómicas e locais que contribúan a garantir o seu coñecemento e protección. Por último, a proposta aprobada instaba ao Concello a poñer en marcha un conxunto de medidas destinadas a promover a difusión deste importante legado cultural entre a veciñanza e visitantes co impulso do centro de interpretación de Villestro e a súa páxina web como primeiros pasos.

Pois ben, transcorrido máis de un ano os únicos adiantos apreciábeis neste medida son os levados a cabo pola Xunta de Galicia que neste tempo, e coa colaboración do Colectivo A Rula, procedeu á catalogación de medio centenar de gravados, boa parte deles situados na parroquia de Villestro pero tamén noutros puntos do territorio municipal. Por parte do Concello de Santiago, que se tiña comprometido publicamente á preservación e mantemento dos enclaves, apenas ten transcendido ningunha medida práctica para a protección e difusión deste legado milenario.

Hai poucos días, os medios informativos recollían a destrución de parte dun dos conxuntos rupestres de Villestro, situado moi preto do Camiño xacobeo de Fisterra, no transcurso duns labores de roza e limpeza do terreo por parte do seu propietario. Non é a primeira vez que un feito semellante acontece. Con independencia dos estragos que ten producido noutras ocasións o lume sobre a superficie das rochas, no verán do ano pasado as cadeas dunha escavadora que traballaba na contorna produciron marcas nun petróglifo nunha zona moi próxima ao afectado estes días, concretamente no lugar do Agro do Campo.

Sabido é que "non se protexe o que non se coñece". Por iso, a tarefa fundamental para lograr a preservación dos petróglifos pasa por sinalalos axeitadamente, axudando á comprensión da súa importancia, ofrecendo información sobre a súa orixe e posibles significados e mesmo advertindo da responsabilidade de respectalos e as consecuencias de non facelo.

Ata o de agora, aparte do labor de divulgación encomiable que se ten realizado desde a citada asociación, non se ten feito nada tanxible sobre o terreo por parte do Concello ao longo de máis de un ano. Abonda con visitar os lugares dos achados e falar coas xentes do lugar para comprobar a falta de información e de coñecemento xeral sobre o particular, así como as dificultades para atopar as estacións e apreciar os gravados, sen ningún tipo de referencia, rodeados pola maleza e mesmo polo lixo, como tivemos ocasión de comprobar nun lugar tan emblemático como a Devesa da Rula.

A destrución parcial acontecida recentemente en Villestro indica a urxencia de adoptar medidas para protexer e dar a coñecemento xeral estes primitivos xacementos artísticos. Logo de rematada a catalogación por parte da Xunta de Galicia, cómpre activar as accións acordadas: a inclusión de todos os gravados no Plan Xeral de Ordenación Municipal e en todas aquelas normas que garantan o seu coñecemento e protección; a posta en valor do centro de interpretación existente desde o ano 2014 na antiga escola pública de Villestro e que a día de hoxe continúa sen funcionar regularmente e cun evidente aspecto de abandono; e, sobre todo, a limpeza e a información pública para facilitar a visita e para unha plena concienciación social da transcendencia de coidar e respectar cada un destes lugares.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno Municipal a:

- 1. Adoptar con carácter urxente medidas para a protección e difusión pública de todos os petróglifos catalogados no termo municipal, procedendo á limpeza do seu contorno –de acordo cos titulares dos terreos–, unha completa sinalización sobre o terreo con información sobre os propios gravados e a responsabilidade do seu coidado e protección; así como a súa inclusión no Plan Xeral de Ordenación Municipal.***
- 2. Continuar co desenvolvemento da totalidade das accións relacionadas co patrimonio rupestre contidas no acordo plenario de setembro de 2016, priorizando de forma especial o acondicionamento e posta en valor do centro de interpretación existente na parroquia de Villestro.***

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela